



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0860	Próteses sobre implantes	2023/2024	0	157	0
MP0860_12	Piases e implantes dentais para a rehabilitación protésica	2023/2024	0	30	0
MP0860_22	Elaboración de férulas radiolóxicas e cirúrxicas, e próteses sobre implantes	2023/2024	0	127	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PABLO QUINTELA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**
**2.1. Primeira parte da proba**
**2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0860_22) RA1 - Obtén o modelo, seleccionando os aditamentos correspondentes segundo a prescripción facultativa.
(MP0860_12) RA1 - Define as características dos implantes dentais en relación coa osteointegración e os materiais utilizados na súa fabricación.
(MP0860_22) RA2 - Elabora férulas radiolóxicas e cirúrxicas en relación coa prescripción facultativa.
(MP0860_12) RA2 - Caracteriza a estrutura dos compoñentes dos implantes e dos piares, en relación coa rehabilitación protésica.
(MP0860_22) RA3 - Confecciona próteses fixas implantosoportadas, para o que interperta a prescripción facultativa.
(MP0860_22) RA4 - Confecciona sobredentaduras sobre implantes, en relación coa prescripción facultativa.

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
(MP0860_12) CA1.1 Describiuse a anatomía implantolóxica.
(MP0860_22) CA1.1 Identifícanse os datos salientables para interpretar a prescripción facultativa.
(MP0860_12) CA1.2 Clasifícanse os factores condicionantes da osteointegración.
(MP0860_22) CA1.2 Descríbense as características dos materiais de impresión utilizados en implantoloxía.
(MP0860_12) CA1.3 Enumeráronse os factores (cargas) que actúan sobre os implantes.
(MP0860_22) CA1.3 Relacionáronse os materiais de impresión utilizados coa rehabilitación implantolóxica utilizada.

Cráterios de avaliación do currículo
(MP0860_12) CA1.4 Descríbóñse a mecánica e a bioloxía da osteointegración.
(MP0860_12) CA1.5 Determináronse os requisitos físicos, mecánicos e químicos dos materiais dos implantes.
(MP0860_12) CA1.6 Relacionáronse as condicións da superficie do implante cos efectos na dinámica da osteointegración.
(MP0860_12) CA1.7 Enumeráronse as características que deben cumprir as aliaxes empregadas nas próteses sobre implantes.
(MP0860_12) CA2.1 Descríbóñse os tipos de implantes e os seus compoñentes.
(MP0860_12) CA2.2 Descríbóñse os tipos de piares.
(MP0860_22) CA2.2 Enumeráronse os requisitos xerais para o modelo e os requisitos de deseño na confección dunha férula radiolóxica en paciente edéntulo parcial.
(MP0860_12) CA2.3 Clasifícanse os tipos de próteses sobre implantes.
(MP0860_12) CA2.4 Descríbóñse as indicacións clínicas e as contraindicacións dos implantes.
(MP0860_12) CA2.5 Seleccionouse o protocolo de laboratorio segundo se trate de próteses unitarias, parciais fixas ou totais sobre implantes.
(MP0860_22) CA2.5 Defíníronse os requisitos que debe cumprir o duplicado e a prótese completa dun paciente edéntulo total.
(MP0860_12) CA2.6 a disposición para realizar novas técnicas e coñecer novos compoñentes.
(MP0860_22) CA2.8 Valorouse o deseño asistido por computador de férulas cirúrxicas.
(MP0860_22) CA3.1 Clasifícanse os tipos de próteses fixas implantosoportadas.
(MP0860_22) CA3.2 Diferenciáronse as indicacións, os inconvenientes e as particularidades biomecánicas das próteses fixas implantosoportadas.
(MP0860_22) CA3.8 Acondicionouse o produto e rexistrouse segundo criterios e normativa de carácter técnico-sanitario.
(MP0860_22) CA3.9 Aplícase a lexislación no tratamento de residuos e protección ambiental.
(MP0860_22) CA4.1 Analizáronse as características do traballo solicitado na receita protésica en sobredentaduras sobre implantes.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0860_22) CA4.2 Describiuse o protocolo de traballo en sobredentaduras mucosoportadas e de soporte mixto.
(MP0860_22) CA4.3 Analizáronse os sistemas retentivos das sobredentaduras.
(MP0860_22) CA4.5 Definiuse o axuste pasivo.
(MP0860_22) CA4.6 Definíronse as características dos compoñentes dunha sobredentadura de soporte implantario.
(MP0860_22) CA4.8 Acondicionouse o produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega segundo os criterios e normativa técnico-sanitaria establecida.
(MP0860_22) CA4.9 Rexistráronse os datos na documentación técnico-sanitaria.

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0860_22) RA1 - Obtén o modelo, seleccionando os aditamentos correspondentes segundo a prescrición facultativa.
(MP0860_22) RA2 - Elabora férulas radiolóxicas e cirúrxicas en relación coa prescrición facultativa.
(MP0860_12) RA2 - Caracteriza a estrutura dos compoñentes dos implantes e dos piares, en relación coa rehabilitación protésica.
(MP0860_22) RA3 - Confecciona próteses fixas implantosoportadas, para o que interperta a prescrición facultativa.
(MP0860_22) RA4 - Confecciona sobredentaduras sobre implantes, en relación coa prescrición facultativa.

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0860_22) CA1.4 Realizouse o baleiramento de impresións para modelos de estudo e fases intermedias de laboratorio.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0860_22) CA1.5 Realizouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método clásico.
(MP0860_22) CA1.6 Realizouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o sistema de férula ríxida de impresión (FRI).
(MP0860_22) CA1.7 Realizouse o baleiramento de impresións para modelos de traballo segundo o método indirecto.
(MP0860_22) CA1.8 Realizouse o proceso con precisión, orde e método.
(MP0860_22) CA2.1 Realizouse un enceramento diagnóstico.
(MP0860_22) CA2.3 Confeccionouse mediante aparello de estampaxe ao baleiro unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial.
(MP0860_22) CA2.4 Fabricouse unha férula radiolóxica para paciente edéntulo parcial segundo o método de enceramento e acrílico.
(MP0860_12) CA2.5 Seleccionouse o protocolo de laboratorio segundo se trate de próteses unitarias, parciais fixas ou totais sobre implantes.
(MP0860_12) CA2.6 a disposición para realizar novas técnicas e coñecer novos compoñentes.
(MP0860_22) CA2.6 Elaborouse unha férula radiolóxica mediante o duplicado da prótese nun paciente edéntulo total.
(MP0860_22) CA2.7 Confeccionouse unha férula cirúrxica a partir do enceramento diagnóstico.
(MP0860_22) CA3.3 Confeccionouse a estrutura metálica e comprobouse se existe axuste pasivo.
(MP0860_22) CA3.4 Cortouse a supraestrutura cun disco de carborundo o máis próximo posible ao parafuso desaxustado e uníronse ambas as partes mediante soldadura.
(MP0860_22) CA3.5 Fabricouse unha chave de silicona a partir da confección dos dentes en cera.
(MP0860_22) CA3.6 Elaborouse a estrutura metálica coas dimensións e a inclinación adecuadas facilitadas pola chave de silicona.
(MP0860_22) CA3.7 Aplicáronse á estrutura metálica as capas de porcelana e realizouse a cocción no forno.
(MP0860_22) CA3.8 Acondicionouse o produto e rexistrouse segundo criterios e normativa de carácter técnico-sanitario.
(MP0860_22) CA4.4 Elaborouse a prótese con barras, con sistema Locator ou con bólas como elementos retentivos.

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0860\_22) CA4.7 Confeccionouse a mesoestrutura e a supraestrutura.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Son mínimos exixibles todos os CAs que figuran no punto 2 desta programación didáctica.

Con respecto as probas que se levarán a cabo para a cualificación do módulo:

- Realizárase unha proba de carácter teórico e outra de carácter práctico e/ou teórico-práctico.
- Cada unha das probas cualifícase entre 0 e 10 puntos, sendo preciso un mínimo de 5 puntos en cada unha delas para facer a media e obter a puntuación global da proba, que será a media aritmética de ámbalas dúas expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.
- Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo, para o profesorado e resto de persoal do centro, e/ou para o material, equipamento ou instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero (suspensa).

\*Proba Teórica:

- Será unha proba teórico-escrita eliminatoria, que poderá constar de:
    - Preguntas tipo test. As preguntas terán 4 opcións de respostas nas que só será correcta unha delas. As respostas incorrectas penalizarán/descontarán, tal e como se indicará nas instrucións de realización de cada exame (habitualmente, tres incorrectas descontarán unha correcta).
    - Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta.
- As preguntas poderán incluír láminas, gráficos, fotos, imaxes impresas na proba ou proxectadas, modelos de estruturas, etc., que versarán sobre os criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, sendo representativas dos contidos conceptuais do módulo.

A puntuación total desta proba será entre 0-10 puntos. A proba terá carácter eliminatorio, é dicir, para superala e pasar á proba seguinte (proba práctica) será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 5

puntos. De nos superarse, a nota final non poderá ser superior a 4 puntos.

\*Proba Práctica:

- A proba práctica constará na resolución de varios supostos prácticos e/ou teórico-prácticos, cualificada entre 1-10 puntos. Será preciso acadar unha nota mínima de 5 puntos para poder facer media coa parte teórica.

A primeira parte da proba (parte teórica) terá carácter eliminatorio, é dicir, é necesario acadar un 50% da puntuación posible para acceder á segunda parte da proba. Puntuarase de 0 a 10.

As persoas que non superen a primeira parte da proba recibirán a cualificación de non superada (suspensa) na segunda parte da proba, de xeito automático, ao non poder acceder a persoa aspirante á segunda parte da proba.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, por non acadar un 50% da puntuación posible (tamén 10, coma a primeira parte), a puntuación máxima que poderá asignarselle como nota final, será de 4 puntos.

O equipo docente poderá excluír de calquera parte das probas ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento, que incumplan as indicacións do profesorado para a realización das probas, ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade que poidan implicar, a criterio do profesor/a, algún tipo de risco para sí mesmas, para o resto do grupo, para o persoal do centro ou para o material, equipamento e instalacións, durante a realización das probas, ou como preparación a éstas. Neste caso, o profesor/a comunicará á persoa aspirante a súa expulsión da proba e cualificará esa parte da proba do módulo como non superada (suspensa).

- Todas as modificacións que tiveran que levarse a cabo sobre a programación elaborada inicialmente, quedarán rexistradas na plataforma no apartado de seguimento da programación e no documento de memoria do módulo que será elaborada ao finalizar o curso.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte consistirá nunha proba teórico-escrita eliminatoria, que permita os alumnos elaborar as súas respostas de acordo cos seus coñecementos, podendo comprobar directamente a calidade, profundidade e dominio termolóxico.

Esta proba poderá consistir en:

- Preguntas tipo test. As preguntas terán 4 opcións de respostas nas que só será correcta unha delas. As respostas incorrectas penalizarán/descontarán, tal e como se indicará nas instrucións de realización de cada exame (habitualmente, tres incorrectas descontarán unha correcta). As preguntas non contestadas nin suman nin restan.

- Preguntas de desenvolvemento ou preguntas de resposta curta.

As preguntas poderán incluír láminas, gráficos, fotos, imaxes impresas na proba ou proxectadas, modelos de estruturas, etc., que versarán sobre os criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte, sendo representativas dos contidos conceptuais do módulo.

A puntuación total desta proba será entre 0-10 puntos. A proba terá carácter eliminatorio, é dicir, para superala e pasar á proba seguinte (proba práctica) será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. De non superarse, a nota final non poderá ser superior a 4 puntos.

A duración máxima da proba teórica será de dúas horas.

- Únicamente serán corrixidas as respostas recollidas na planilla de respostas proporcionada polo profesor, as cales deben ser perfectamente lexibles. No caso contrario ou de darse dobre resposta, a resposta será considerada como incorrecta.

- O alumno deberá asistir a proba cun bolígrafo azul ou negro para a realización da mesma. Non está permitido o uso de correctores tipo "Tipp-exx" ou similares.

- Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición do examinador/a sobre a mesa durante a realización da proba.

A detección constatable de copia e actos fraudulentos durante a proba, suporá automaticamente a expulsión da proba da persoa ou persoas implicadas e a calificación da mesma cun cero (suspensa).

Queda prohibido o uso do móbil, reloxos intelixentes, calculadoras programables, auriculares, e/ou calquera outro dispositivo de comunicación co exterior durante o desenvolvemento da proba.

A comisión de avaliación poderá excluír da proba do módulo profesional ás persoas aspirantes que incumpran as normas de prevención, protección e seguridade sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo, para o personal do centro, ou para o material, equipamento e/ou instalacións durante a realización das probas. Así mesmo, este mesmo criterio será aplicado a aquelas persoas que incumpran manifestamente as normas de convivencia do centro e falten ao respecto aos seus compañeiros/as, aos membros do profesorado e/ou o resto do personal do centro. Nestes casos, esta parte da proba será cualificada con 0 puntos (suspensa).

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda parte (4.b), que tamén terá carácter eliminatorio.

Ó remate da proba, as persoas candidatas non poderán levarse da aula ningún dos documentos empregados durante a proba (exame, folios soltos, borradores, etc.).



#### 4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio.

A segunda parte poderá consistir nun ou varios dos seguintes tipos de probas:

- Proba práctica ou práctico-escrita cuxo contido versará sobre os criterios de avaliación establecidos na programación do módulo para esta parte.
- Exposicións orais.
- Proba práctica ou supostos prácticos teóricos escritos.

Esta segunda proba poderá cualificarse de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

As persoas que non superaron a primeira proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte da proba e a cualificación final máxima que se lles poderá asignar na proba libre será de 4 puntos (suspenso).

Finalizada esta segunda proba, a cualificación final da proba libre será calculada mediante a media aritmética das dúas partes da proba.

As puntuacións obtidas polos/as aspirantes serán publicadas nos soportes/plataformas habilitadas polo centro educativo a tal efecto (taboleiro de anuncios, páxina web do centro, etc.).

As persoas candidatas deberán acudir á proba co seguinte material, necesario para a realización da mesma:

- Bata branca
- Mascarilla e protector facial.
- Lápis, goma, bolígrafo azul ou negro.
- Non se permitirá a utilización de aparellos tecnolóxicos nin soporte bibliográfico.

O profesorado responsable aportará o material adicional necesario para a realización da práctica.

Queda prohibido o uso do móbil ou calquera outro dispositivo de comunicación co exterior durante o desenvolvemento da probade (dispositivos electrónico/dixitais como teléfonos, calculadoras programables, auriculares, etc). De feito a persoa aspirante só terá a súa disposición aqueles elementos necesarios para a realización da proba ou aqueles que o profesor/a lles indique como permitidos.

Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte que deberá estar a disposición do examinador/a sobre a mesa durante o desenvolvemento da proba.

A duración máxima da segunda proba será de tres horas.

A detección constatable de copia e actos fraudulentos durante a proba suporá automaticamente a expulsión da persoa ou persoas involucradas, e o suspenso da proba.

A comisión de avaliación poderá excluír da proba do módulo profesional ás persoas aspirantes que incumpran as normas de prevención, protección e seguridade sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo, para o persoal do centro, ou para os materias, equipamentos ou instalacións durante a realización das probas. Así mesmo, este mesmo criterio será aplicado a aquelas persoas que incumpran manifestamente as normas de convivencia do centro e falten ao respecto aos seus compañeiros/as, aos membros do profesorado, ou o persoal do centro. Nestes casos, o/a profesor/a do módulo



profesional cualificará esa parte da proba con cero puntos (suspensa).